



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
29.07.2022

LUGAR: Sala I do edificio Miralles. Campus de Vigo.

DATA: 29.07.2022

HORA DE COMEZO: 11:30

HORA DE REMATE: 13:30

LISTA DE ASISTENTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Franco García, José María
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María
Martiño Gómez, Antonio
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Novoa Rodríguez, María Sol
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Ramos Vázquez, Antonio
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Santamaría Conde, Juan José
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

ESCUSARON ASISTENCIA

Blanco Rial, María Gloria
Calviño Rodríguez, Xulio
Fernández Zunzunegui, Emilio
Ojea Bouzo, Armando

NON ASISTIRON

Cebro Rodríguez, Xoán
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Sánchez Gándara, Rosa María

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O venres, 29 de xullo de 2022, ás 11:30 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores (29.06.2022 e 14.07.2022).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Informe da Área de Calidade sobre os abandonos e cambio de estudos na Universidade de Vigo. Evolución e comparativas internas e externas.
5. Informe que proceda sobre as propostas de verificación/modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2023/2024. (Consello de Goberno do 28 de xullo).

Propostas e acordos da Comisión Executiva (reunión do 25 de maio de 2022)

6. Informe sobre o Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do SUG para o curso 2022/2023.
7. Supervisión e aprobación de correccións e modificacións orzamentarias.
8. Outros acordos. Taxas e axudas. Informes.
9. Acordo que proceda sobre a delegación temporal no reitor, das competencias do Consello Social sobre autorización de transferencias de gastos de capital a gastos correntes, para a contratación de persoal investigador.
10. Designación de representantes do Consello Social no Consello de Goberno da Universidade de Vigo.
11. Designación de representantes do Consello Social na Comisión Reitora de Centros de Investigación da Universidade de Vigo.
12. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de xuño de 2022.
13. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a presenza dos asistentes e dá a benvida a quen asiste por primeira vez: a nova xerente da UVigo (como membro), e o vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións (como invitado). Ernesto Pedrosa anuncia que, por razóns operativas, adiantase a presentación do informe sobre abandonos e cambios de estudos na UVigo (punto 4 da Orde do día), a cargo do responsable da Área de Calidade, a quen así mesmo lle agradece a asistencia.

PUNTO 4

Informe da Área de Calidade sobre os abandonos e cambio de estudos na Universidade de Vigo. Evolución e comparativas internas e externas.

A presentación incorpora un análise comparativo das taxas de abandono referidas aos tres primeiros cursos, e cambio de estudo dos dous primeiros, ámbolos dous na titulación de Grao, con comparativas respecto do SUG e do SUE, e máis polo miúdo entre as tres universidades do SUG. Nos mesmos contextos faise tamén a análise da incidencia por rama de coñecemento e segundo a ocupación e os estudos dos proxenitores.



Vistas as conclusión e a situación da UVigo, Joaquín Collazo anuncia un estudo -a petición do Consello Social- para analizar as causas do abandono, acompañado dun cuestionario que se lanzará en agosto. Os resultados poderían coñecerse este mesmo ano, e as conclusións permitirán dispor de resultados para reducir a cifra de abandonos -que polo momento non alarman- e mellorar os indicadores académicos da UVigo.

Remata agradecendo o interese do Consello Social neste asunto e a dispoñibilidade para presentar os novos datos. O presidente valora a exposición breve e clara do responsable da Área de Calidade, quen abandona a sesión neste intre.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores (29.06.2022 e 14.07.2022).

- ***Apróbanse por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Destaca Ernesto Pedrosa a importancia de analizar as causas dos abandonos a aplicar medidas correctoras, así como medidas de acollida e integración, porque o primeiro ano do estudante "é clave".

Salienta tamén o punto 5 da Orde do día "porque marca o futuro inmediato da UVigo, coa proposta de novos títulos". Advirte que por en marcha un título é un proceso lento e complexo, máis acusado no caso dos Máster nos que as universidades privadas son máis áxiles, están sometidas a menos rixideces e incorporan con máis facilidade o contido e metodoloxía dos seus programas ás necesidades e demandas do sistema produtivo. Cita tamén a opción dos microtítulos ou microcredenciais como parte da oferta formativa permanente.

Dá a benvinda a nova xerente, Yolanda Trinidad Lesmes Romero e comunica que, dado o seu cargo, pasará a formar parte da Comisión Económica do Consello Social. De seguido dá conta de senllos estudos recen publicados polo Observatorio de Persoas Tituladas, que se poden consultar na web do Consello Social, e abre unha rolda de agradecementos aos tres representantes do Consello de Goberno no Consello Social, para os que hoxe é o último pleno: Xan Cebro, Antonio Manuel Ramos e José María Martín Moreno. Agradécelles o presidente o compromiso e a implicación, e no caso deste último confía que dende a súa nova responsabilidade mantaña con este Consello Social a colaboración e o "extraordinario, documentado e resolutivo traballo" feito.

Finalmente informa do primeiro acto público da Comunidade Alumni da UVigo, coa entrega dos primeiros premios aos seus membros máis destacados. "Foi un acto que culmina moitos anos de afáns do Consello Social", e sinala a Luis Espada, Víctor Cacharrón e agora á vicerreitora Natalia Caparrini como determinantes no nacemento e na culminación do proxecto. Para José María Franco garda unha mención especial, porque deu orixe á idea. Felicítalo por ser premiado como o primeiro Alumni Honorífico da UVigo, e remata agradecéndolle tantos anos de traballo "sempre aportando, sempre fertilizando e propoñendo", por ser tamén o seu último pleno "toda unha vida dedicada, e chea de bos propósitos, á UVigo".

PUNTO 3

Informe do reitor.

Principia Manuel Reigosa eloxiando o acto da Comunidade Alumni "cima dunha longa traxectoria". Subliña a importancia do Plan de infraestruturas para as universidades galegas, á marxe do Plan de financiamento, "porque reportará achegas maiores", que no caso da UVigo focalizáranse, entre outras obras, na Escola de Aeroespaciais, en Ourense; e na Facultade de Deseño, en Pontevedra, para o que se solicitarán 59 millóns de euros.

Alude á vitalidade da comunidade universitaria, que se reflicte no récord de captación de fondos europeos, e resume outros asuntos como as tres titulacións que empezarán a impartirse en setembro próximo; os traballos para integrar as tres escolas de Enfermaría nunha Facultade única; progresos no Campus da Auga; avances na creación de dous institutos de investigación, de Aeroespaciais e de



Agroecoloxía, en Ourense; Grao e Máster de Intelixencia Artificial en Ourense, en terreos que se están a xestionar co Concello e a Deputación; e recoñecemento docente por maternidade, que permitirá ás profesoras a tempo completo que finalicen o permiso por parto ou adopción solicitar unha redución da dedicación docente de ata o 100% no primeiro curso seguinte e do 50% no segundo.

PUNTO 5

Informe que proceda sobre as propostas de verificación/modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2023/2024. (Consello de Goberno do 28 de xullo).

Introduce o presidente ao vicerreitor Alfonso Lago, quen agradece a oportunidade de informar, por primeira vez, ao pleno do Consello Social. Explica os pormenores a características das memorias propostas, e aclara que a correspondente ao Grao de Publicidade e Relacións Públicas foi adiada en Consello de Goberno e espérase tela consensuada e podela presentar en setembro, para o que se pediu unha moratoria á Xunta. Outra incidencia destacada refírese ao Máster Universitario en Biofabricación, que estará adscrito provisionalmente á Facultade de Bioloxía, mentres non se cree a Escola de Posgrao da UVigo.

Pregunta Elena Añel pola insuficiencia de prazas ofertadas e porque se producen esas limitacións, como ocorre con Relacións Internacionais. E interésase tamén polo baixo número de prazas no Máster de Profesorado; anuncia que a CIGA pedirá máis prazas á Consellería e solicita un posicionamento do Consello Social, para que o alumnado non teña que marchar. Nesta última reivindicación incide Xosé M. Atanes que fai unha comparativa coas 10 mil prazas que ofrecen as universidades privadas para o Máster de Secundaria, a seu xuízo con baixa calidade formativa, polo que entende que hai argumentos para que se abran máis prazas. Sobre este asunto pronunciase o Reitor a favor de elevar o número de prazas, manifesta que xa se ten solicitado varias veces ante a Consellería e comprométese a seguir insistindo nesa liña. O presidente, pola súa banda, ofrécese a falar cos Consellos Sociais de A Coruña e Santiago para intentar unha posición consensuada no mesmo senso.

Respecto da matrícula en Relacións Internacionais, Manuel Reigosa aclara que os títulos arrancan con 45 prazas, que neste caso divídense entre Vigo e Coruña, pero espera que en breve haxa dobres graos con outras titulacións como poden ser Dereito, Turismo, Historia ou ADE, "e traballarase nesa liña para especializar e medrar". O vicerreitor Alfonso Lago engade que vista a alta demanda de Relacións Internacionais xa se expuxo ante a Secretaría Xeral de Universidades que cada universidade tivera 45 alumnos, e formar un grupo independente para cada un dos Campus.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 6

Informe sobre o Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do SUG para o curso 2022/2023.

Pide a palabra Juan José Santamaría para dar conta de determinados erros que detecta no proxecto de decreto remitido ao Consello Social pola Secretaría Xeral de Universidades. Adianta que se absterá de informar favorablemente este punto, polos erros que presenta, inexactitudes ou falla de actualización da normativa e lexislación aplicable, segundo refire nun escrito que entrega e que se anexa. Finalmente, formula dúas suxestións: **a)** Que se contemple a gratuidade nas matriculas universitarias para as persoas que acrediten a condición de refuxiados ou demandantes de asilo, e **b)** Que a memoria xustificativa e a económica se refunda nunha soa".

Juan José Santamaría solicita que a documentación que chega ao Consello Social veña supervisada pola Asesoría Xurídica da UVigo.

Resposta o secretario que a competencia do Consello Social atende en esencia a informar sobre os prezos e a súa incidencia, ao que non afectan os erros que se apuntan, quedando as cuestións normativas e periféricas fóra do alcance, do cometido e dos recursos do Consello Social, se ben agradécelle as dúas suxestións e o celo aplicado na revisión do documento, e subliña que a procedencia e orixe do texto constitúen, en principio por si mesmas, garantía suficiente.



O presidente agradece a pulcritude na análise que fai Juan José Santamaría e pídelle que envíe á Secretaría do Consello Social as súas observacións aos efectos oportunos. Lembra que o asunto ven informado positivamente pola Comisión Executiva.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTOS 7 e 8

Supervisión e aprobación de correccións e modificacións orzamentarias.

Outros acordos. Taxas e axudas. Informes.

Introduce o presidente o resto de acordos aprobados ou informados pola Comisión Executiva, dos que se achega un resumo de todos e cada un deles na documentación remitida aos membros.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a delegación temporal no reitor, das competencias do Consello Social sobre autorización de transferencias de gastos de capital a gastos correntes, para a contratación de persoal investigador.

Informa o Reitor que o custe das transferencias que autorizou pola delegación recibida no pasado pleno do Consello Social é cero. Engade que a cantidade máxima que se podería ver afectada en todo o ano 2022 sería de 2,05 M € pero que a maior parte poderase executar dende o capítulo VI, sen facer uso da delegación. Manifesta que se trata dunha competencia que corresponde ao Consello Social, segundo corroboran os servizos da UVigo, polo que pide que se renove a delegación.

O presidente propón que se prorrogue a delegación no Reitor, debendo informar en cada Pleno das transferencias autorizadas que se produzan e dos importes.

Anuncian a súa abstención Elena Añel e Xosé Manuel Atanes, por falta de informe xurídico e falta de información, e Antonio Martiño. Tamén anuncia a súa abstención Juan José Santamaría, por entender que a proposta afecta ao dereito fundamental á autonomía das universidades (artigo 27.10 da Constitución), "e segundo o Tribunal Constitucional, a autonomía afecta só á comunidade universitaria e non a este órgano de participación da sociedade na universidade, "e cito:...a representación minoritaria que na súa composición (do Consello Social) corresponde á comunidade universitaria, que queda por elo subordinada á representación social, impide que se atribúan ao CS decisións propias da autonomía universitaria...Pero si...se atribúen ao Consello Social funcións estritamente académicas –Como neste caso- entón si resultaría vulnerado o artigo 27.10 da Constitución (FJ 9.a), segundo parágrafo da sentenza do TC Nº 26/1987, de 27 de febreiro)". Polo dito, Juan José Santamaría afirma que "si o Consello de Goberno houberse adoptado tal acordo, o Consello Social podería aprobalo, senón non porque non existe un acordo previo adoptado en virtude da autonomía da universidade. E tal autonomía –como estableceu o TC- non se predica dende o Consello Social senón dende a universidade mesma".

A proposta do presidente, o Pleno, de xeito excepcional e por razóns de axilidade e urxencia, e ata o 31 de decembro de 2022, ACORDA:

- ***Delegar no Reitor, durante o exercicio orzamentario correspondente a 2022, a facultade de autorizar as transferencias de crédito entre gastos de capital e gastos correntes, soamente nos casos que se refiran a créditos orzamentados nas aplicacións de proxectos de investigación con financiación específica (programa 131H, clasificación económica 645, 644, 646 y 648) e teñan por finalidade dotar créditos no capítulo 1 para a contratación de persoal indefinido, debendo informar ao Consello Social, para referendo en cada sesión plenaria, das aprobacións de transferencias realizadas no devandito período.***



PUNTO 10

Designación de representantes do Consello Social no Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

Ernesto Pedrosa propón ao Pleno continuar, xunto a Xulio Calviño, como representantes do Consello Social no Consello de Goberno, nas mesmas Comisións delegadas que na actualidade; e incorporar como representante do Consello Social no Consello de Goberno, e na **Comisión de Organización Académica e Profesorado**, a María Elvira Larriba - **que xa participara nunha comisión similar para a elaboración, no seu momento, do Plan Estratéxico da UVigo**. Larriba Leira substituirá a César Blanco, quen pediu o relevo polas dificultades para compatibilizar a representación coas súas obrigas profesionais, e a quen o presidente lle testemuña "un profundo agradecemento" polo esforzo e sacrificio cos que "dignificou" esa representación.

- *O Pleno dá a súa aprobación.*

PUNTO 11

Designación de representantes do Consello Social na Comisión Reitora de Centros de Investigación da Universidade de Vigo.

O presidente propón a designación de Jesús Graña, tendo en conta o traballo feito para a elaboración do Plan Estratéxico da UVigo a través da Comisión delegada de infraestruturas, xestión, relación co entorno e sostibilidade; pola súa experiencia profesional na UVigo e polo perfil acaído ás condicións que se requiren.

- *O Pleno dá a súa aprobación.*

PUNTO 12

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de xuño de 2022.

- *O Pleno dáse por informado.*

PUNTO 13

Rogos e preguntas.

Antonio Manuel Ramos, na súa despedida, agradece a acollida no Consello Social e manifesta a súa preocupación porque os familiares do persoal xa non teñan a matrícula gratuíta se non estudian na universidade propia. O Reitor sinala que hai fillos de PDI e PAS que van á USC e non hai reciprocidade, se ben admite casuísticas que se deben analizar e ter en conta. José María Martín Moreno, que tamén se despide cualificando de "pracer" a súa estancia no Consello Social, matiza que se teñen na UVigo a titulación elixida non parece lóxico que se trasladen a outra universidade, e que as universidades galegas poden tomar decisión distintas porque tamén están en situacións económicas distintas. Finalmente José María Franco transmite o seu recoñecemento a cantos colaboraron con el nestes últimos anos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:30 horas do 29 de xullo de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias